



PASCUAL VEIGA



Pascual Veiga naceu en Mondoñedo no ano 1842. Destacou como director de orfeóns, compositor e organista, e está considerado como un dos músicos máis representativos do século XIX galego. Comezou a súa carreira musical como neno de coro na catedral da súa vila. A súa primeira composición é un Setenario á Virxe das Dores, unha obra a tres voces. Posteriormente traballa como organista na Coruña. Durante esta etapa escribe a maior parte das súas composicións relixiosas.

O seu labor máis recoñecido é o de fundador e impulsor dos orfeóns en Galicia: no 1878 funda o Orfeón Coruñés; en 1881, o Novo Orfeón, que posteriormente pasará a

denominarse El Eco, coro integrado por trinta e tres mozos pertencentes á clase obreira. Con El Eco gaña varios certames e recibe numerosos premios. Viaxa a París co Orfeón Coruñés número catro para participar no concurso orfeónico da Exposición Universal, conseguindo o primeiro premio e a medalla de ouro. No 1879 participa nun certame en Ferrol. Nesta ocasión o gañador foi o Orfeón Lucense baixo a dirección de Xoán Montes. Veiga mostrou o seu desacordo co fallo, nunha carta que enviou ao xurado. Esta carta foi reproducida pola prensa, entablándose a máis dura e longa polémica habida en Galicia por cuestións musicais, entre os periódicos coruñeses, ferroláns e lugueses.

Outra das súas facetas é a de organizador de certames musicais. A raíz do organizado na Coruña en 1890 nace o actual himno galego: nese evento decídese conceder un premio ao mellor himno rexional galego; Pascual Veiga contacta con Pondal e pídelles que compoña unhas estrofas; sen embargo, o himno non

chegará a escoitarse nesta ocasión. Haberá que esperar varios anos, e despois da súa morte, na Habana estrearase unha versión instrumental do himno.

Dentro da súa produción musical, destacan obras como ¡A Nosa Terra!, o Himno al trabajo e a súa famosa Alborada Galega.

YOLI PAMPÍN, B2C

